

**ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTEDOUS DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTEDOUS**

<p><b>SRES/AS ASISTENTES:</b></p> <p><b><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u></b> D/D<sup>a</sup>MARIAN FERREIRO DIAZ</p> <p><b><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u></b> D/D<sup>a</sup> GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/D<sup>a</sup> MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D<sup>a</sup> ROMAN ROMERO FRANCO D/D<sup>a</sup> M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D<sup>a</sup> JOSE OREONA BRA D/D<sup>a</sup> JOSE DAVID PITA BREIJO</p> <p><b><u>NON ASISTE:</u></b> D/D<sup>a</sup> MARIA DE LA MERCED TAIBO REY</p> <p><b><u>SR. INTERVENTOR ACCTAL:</u></b> D/D<sup>a</sup> PABLO FREIJOMIL OJEA</p> <p><b><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u></b> D/D<sup>a</sup> ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do vintedous de setembro de dous mil vintedous, baixo a presidencia da Sra. ALCALDESA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
--	---

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

**2º .- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN PARCIAL DUN VIAL ENTRE O PSI-10 E A ESTRADA DE CASTELA.**

**.-** Vista a proposta formulada que di así: Visto o proxecto de urbanización parcial dun vial sito entre o PSI-10 e a Estrada de Castela, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Roberto José Aya Vidal-Interurban, S.A., e promovido polo Concello de Narón (PU- 2/2022).

Resultando que foron emitidos os correspondentes informes técnico e xurídico ao respecto.

Considerando que según o informe xurídico a normativa aplicable a este procedemento vén recollida no artigo 96 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e nos art. 220 e 223 e ss do Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

En base a todo o exposto, o Concelleiro- Delegado pola Alcaldía para os asuntos de Urbanismo deste Concello, propónlle á Xunta de Goberno local a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- **Aprobar inicialmente** o proxecto de urbanización parcial dun vial sito entre o PSI-10 e a Estrada de Castela, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Roberto José Aya Vidal-Interurban, S.A., e promovido polo Concello de Narón.

Segundo.- Someter o proxecto de urbanización anteriormente citado a información pública durante o prazo **dun mes**, mediante anuncio no BOP, nun dos xornais de maior difusión da provincia, así como no taboleiro de edictos deste Concello, para que os interesados poidan examinalo e formular as alegacións/suxestións que estimen pertinentes.



Terceiro.- Solicitar, simultaneamente ao período de información pública, e de conformidade co informe do arquitecto municipal, os informes e autorizacións sectoriais preceptivas da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura (Xefatura Territorial da Coruña) e de AESA (Servidumes aeronáuticas).

Logo da aprobación definitiva do proxecto e antes da súa execución será necesario a obtención da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Cuarto.- Notificar individualizadamente estes acordos aos propietarios afectados.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

### **3º .- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DE CESIÓN URBANÍSTICA PARA VIAL NO LUGAR BORRALLADA- SEDES (32M2).-**

(.....)

**PRIMEIRO.** Aceptar a cesión gratuíta de terreo efectuada por Dna. M<sup>a</sup> Dolores García Santamaría, para destinalo a vial.

**SEGUNDO.-** Incorporar a superficie descrita ó patrimonio municipal.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

### **4º .- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DE CESIÓN URBANÍSTICA PARA VIAL NO CAMIÑO DA PENA.-**

(.....)

**PRIMEIRO.** Aceptar a cesión gratuíta de terreo efectuada por D. José Tejjido Prieto e Dna. Ana María Arto Blanco, para destinalo a vial.

**SEGUNDO.-** Incorporar a superficie descrita ó patrimonio municipal.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

### **5º .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ADQUISICIÓN DE INMOBLES SITOS EN LUGAR DE OUTEIRO-MUIÑO DAS ACEÑAS.-**

(...)

**PRIMEIRO.-** Aprobar a adquisición directa, pola imposibilidade de concorrencia na licitación, a Dona M<sup>a</sup> del Carmen Pol Díaz, con DNI ..... e outros, dos seguintes inmobles:

- *Finca sita no Lugar de -Outeiro, rexistral 10162: parcelas catastrais 001800200NJ61H, 15055A06100084 e 15055A06100081, cunha superficie de 1915 m<sup>2</sup>. Lindes: Norte, ribeira do mar*

(dominio público marítimo-terrestre) e parcela 233 do polígono 61, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación; Sur, parcela 85 do polígono 61, de María, José Ángel e María Teresa Pol Díaz, parcela 001800100NJ61H, de comunidade de propietarios (José Manuel Durán Seijas e María Carmen Pita da Veiga), e parcela 79 do polígono 61, de María Carmen Pita da Veiga Pita; Este, parcela 9519 do Polígono 61, hoxe FE-11 Trincheira- O Ponto, e parcela 85 do polígono 61, de María, José Ángel e María Teresa Pol Díaz; e Oeste, camiño público e parcelas 79 e 72 do polígono 61, de María Carmen Pita da Veiga Pita, e de propietario en investigación, respectivamente.

A esta finca lle pertence un camiño que partindo dela e a través da ponte que cerra a represa dos muíños, chega ata a Estrada de Castela (AC-862).

-Finca sita en Lugar de Outeiro, rexistral 10167: parcela 15055A0610085, de superficie 1527m<sup>2</sup>. Lindes: Norte, parcela 84 do polígono 61, de María Carmen, José Ángel e María Teresa Pol Díaz; Sur, parcela 87 do polígono 61, de José Antonio Prieto Seijas; Este, parcela 73 do polígono 61, de María Carmen, José Ángel e María Teresa Pol Díaz; e Oeste, parcelas 81 E 84 do polígono 61, de María Carmen, José Ángel e María Teresa Pol Díaz, parcela 001800100NJ61H, de comunidade de propietarios (José Manuel Durán Sueiras e María Carmen Pita da Veiga) e parcela 83 do polígono 61, de propietario en investigación.

-Finca sita en Lg. Outeiro, rexistral 10168: parcela 15055A06100073, cunha superficie de 128 m<sup>2</sup>, lindes: Norte, parcela 84 do polígono 61, de María Carmen, José Ángel e María Teresa Pol Díaz; Sur, parcela 87 do polígono 61, de José Antonio Prieto Seijas; Este, parcela 9519 do polígono 61, hoxe vial FE-11 Trincheira- O Ponto; e Oeste; parcela de María Carmen, José Ángel e María Teresa Pol Díaz.

Facendo constar expresamente que os terceiros a quen se van mercar as fincas referidas son: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Pol Díaz, Don José Ángel Pol Díaz, Dona M<sup>a</sup> Florentina Rañal Pol, Dona M<sup>a</sup> Carmen Rañal Pol, Dona Ana Fátima Rañal Pol e Dona M<sup>a</sup> Teresa Rañal Pol, e as referencias catastrais completas as seguintes: 001800200NJ61H, 15055A06100084, 15055A06100081, 15055A06100085 e 15055A06100073.

Polo importe de 220.000 euros (DOUSCENTOS VINTE MIL EUROS), con cargo á aplicación orzamentaria 933062200, con código proxecto 2021 4 00000 94 documento contable RC 220210018965.

**SEGUNDO.**- Autorizar e dispoñer o gasto de 220.000€ paraa merca das parcelas con referencia catastral 001800200NJ61H, 15055A06100084, 15055A06100081, 15055A06100085 e 15055A06100073, con cargo á aplicación orzamentaria 9330.62200 e código de proxecto 2021.4.00000.94, importe que se desglosará do seguinte xeito:

NOME E APELIDOS	IMPORTE/€
M <sup>a</sup> del Carmen Pol Díaz	73.333,33
M <sup>a</sup> Florentina Rañal Pol	18.333,33
M <sup>a</sup> del Carmen Rañal Pol	18.333,33
Ana Fátima Rañal Pol	18.333,33
M <sup>a</sup> Teresa Rañal Pol	18.333,34
José Ángel Pol Diaz	73.333,34

**TERCEIRO.**- Que pola Sra. Alcaldesa se proceda, en nome e representación do concello á sinatura dos documentos precisos para formalizar a referida adquisición, así como cuantos trámites precisos



resulten a fin de cancelar a servidume da paso que grava as fincas con referencias catastrais : 001800200NJ61H, 15055A06100084 e 15055A06100081.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita. ad

**6º .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS POLA UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO MES DE SETEMBRO DE 2022.-**

Vista a proposta formulada que di así: Á vista do informe-proposta do Servizo de Deportes, no que se propón a aprobación do padrón fiscal da taxa pola utilización de instalacións deportivas, do mes de setembro de 2022, e do informe favorable do xefe do servizo de Intervención e Facenda, de conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, fórmulase a seguinte proposta á Xunta de Goberno Local:

**PRIMEIRO:** Aprobar o padrón fiscal das taxas pola utilización das instalacións deportivas, do mes de **setembro de 2022**, por importe de **6.497,95 €** e **33 recibos**.

**SEGUNDO:** O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar desde o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

**TERCEIRO:** Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

**CUARTO:** Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, si se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**7º .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN DE AUGA, SANEAMENTO BAIXA, SANEAMENTO ALTA, DEPURACIÓN BAIXA, DEPURACIÓN ALTA, CANON DE AUGA, ALUGUER DE CONTADOR E LIXO DO 3º TRIMESTRE DO ANO 2022 E DO PADRÓN ADICIONAL CORRESPONDENTE A ALTAS, ATRASOS E RESOLUCIÓNS**

**DO CONCELLO DO 14 DE XUÑO AO 12 DE SETEMBRO DE 2022.**- Vista a proposta formulada que di así: Elaborado, pola Compañía de Servizos Medioambientais do Atlántico – COSMA- a proposta de aprobación do padrón de contribuíntes por auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración baixa, depuración alta, canon de auga, aluguer de contador e lixo, correspondente ao **3º trimestre do ano 2022** e do padrón adicional polos servizos de “auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración baixa, depuración alta, canon de auga, aluguer de contador e lixo” correspondentes a altas de contribuíntes, atrasos e resolucións emitidas polo Concello de Narón desde o 14 de xuño de 2022 ata o 12 de setembro de 2022, e do informe favorable do xefe do Servizo de Intervención e Facenda, de conformidade co establecido no artigo 175 do R.D 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, fórmulase a seguinte proposta á Xunta de Goberno Local:

**Primeiro:** Aprobar o padrón de contribuíntes por auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración baixa, depuración alta, canon de auga, aluguer de contador e lixo, correspondente ao **3º trimestre do ano 2022**, cos seguintes importes:

Auga	398.782,08 €
Saneamento baixa	236.379,21 €
Saneamento alta	164.282,27 €
Depuración baixa	6.151,11 €
Depuración alta	231.123,38 €
Lixo	734.378,59 €
Bonificación Canon SOGAMA	-95.882,19 €
Aluguer contador	9.496,49 €
Canon da auga	135.857,93 €
IVE	105.694,16 €
<b>TOTAL</b>	<b>1.926.263,03 €</b>

**Segundo:** Aprobar o padrón adicional de contribuíntes polos servizos de auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración baixa, depuración alta, canon de auga, aluguer de contador e lixo, que inclúe os recibos desde o 14 de xuño de 2022 ata o 12 de setembro de 2022, correspondentes ás altas de contribuíntes, atrasos e resolucións emitidas polo Concello de Narón. Sumando os seguintes importes:

Auga	-228,23 €
Saneamento baixa	-19,71 €
Saneamento alta	-14,50 €
Depuración baixa	0,00 €
Depuración alta	-18,75 €
Lixo	2.677,99 €
Aluguer contador	0,00 €
Canon da auga	-144,43 €
IVE	-28,11 €
<b>TOTAL</b>	<b>2.224,26 €</b>

**Terceiro:** Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar desde o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación



colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

**Cuarto:** Durante o periodo de exposición pública os interesados poderán examinar os padróns e interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

**Quinto:** Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera conveniente, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**8º .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DAS ESCOLAS INFANTIS MUNICIPAIS DO MES DE SETEMBRO DE 2022.**- Vista a proposta formulada que di así: Á vista do informe-proposta do Servizo Sociocomunitario no que se propón a aprobación do padrón fiscal da taxa polos servizos prestados nas escolas infantís municipais, onde se reflicte o cálculo do importe que lle corresponde aboar a cada contribuínte pola prestación do citado servizo durante o **mes de setembro de 2022**, de conformidade coas tarifas que se recollen na Ordenanza Fiscal nº 18 reguladora da taxa pola prestación dos servizos nas escolas infantís municipais, e do informe favorable do xefe do Servizo de Intervención e Facenda, de conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, fórmulase a seguinte proposta á Xunta de Goberno Local:

**Primeiro:** Aprobar o padrón fiscal das taxas polos servizos prestados nas escolas infantís municipais, do mes de setembro de 2022, cun total de 129 contribuíntes e por importe de 4.574,95 €.

**Segundo:** O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

**Terceiro:** Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

**Cuarto:** Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-



administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

## **9º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 11:25 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada pola Sra. alcaldesa comigo o secretario xeral que DÁ FE.

V. e pr.

F\_FIRMA\_96

F\_FIRMA\_4